

# O MdPS EN CLAVE DE XÉNERO

## REPRESENTACIÓN FEMININA NA HISTORIA DA VIDA COTIÁ

Tradicionalmente a muller tiña un importante papel activo nas actividades de mantemento e nas actividades produtivas vinculadas á vida cotiá. O concepto que define as actividades de mantemento converteuse nos últimos anos nunha das principais liñas de investigación na arqueoloxía de xénero abrindo un campo múltiple de posibilidades de coñecemento.

A súa utilización como categoría de análise, posibilita a comprensión do legado de saberes e prácticas asociadas á xestión da vida cotiá e ao ámbito no que se desenvolvían, así como a posta en marcha de estratexias para a súa recuperación e difusión (Alarcón García, 2010: 195). Actividades de mantemento serían aquelas labores que, colectivamente, facilitan a supervivencia das sociedades e desenvólvense dentro do marco da vida cotiá, entre elas englóbanse a alimentación de procesado de alimentos, coidados e saúde pública, organización do espazo doméstico, socialización de individuos infantís e a manufactura téxtil.

No caso de Galicia, terra na que a maior parte da poboación vivía da agricultura e do campo, o peso económico das mulleres é incuestionable. O grado de participación na maioría das actividades agrícola – gandeiras eran moi elevadas, máis tendo en conta a ausencia dos varóns en idade laboral, de modo que sobre elas recaía unha gran carga de traballo. «As tarefas femininas non se acaban nunca, a muller galega non a podemos ver relegada ás tarefas domésticas, as mulleres arrinconadas ás tarefas da casa, a horta ou a produción de lácteos non concorda coa das galegas, para as que o traballo agrícola era prioritario e esencial para a supervivencia da familia e tan intenso como o masculino» (Rey Castelao y Rial García, 2009, 103).

Pola relativa abundancia destes fondos no museo, debemos destacar outras labores complementarias para a vida cotiá como a olaría, que estaría moi vinculada no seu proceso final cos oficios dos que falaremos no seguinte apartado. Se ben aínda non

temos datos para estudar o traballo das oleiras en época medieval en Galicia, si os temos para os períodos máis contemporáneos. Grazas aos estudos de Luciano García Alén dásele voz ao traballo das oleiras galegas no eido tradicional: desde a súa produción, o transporte dos cacharros ao forno ou na última fase da venda. Neste último caso xa estaríamos movéndonos no campo dos oficios, coas figuras das regateiras e cacharreiras, amplamente testemuñadas tanto en documentos escritos como gráficos, sendo oficios onde o feminino era primordial.

## OBRAS SELECCIONADAS:

### ACTIVIDADES DE MANTEMENTO

D-184.6928/6194



**Nº Inv.** D-184.6928/6194

**Título:** Peso de tear

**Contexto:** s. I – IV d.C.

**Material arqueolóxico:** Iria Flavia (Padrón, A Coruña)

**Localización:** non exposta. Almacéns Museo das Peregrinacións e de Santiago

Pesa de tear de forma trapezoidal, con sección cuadrangular. Presenta perforación perfectamente circular na parte superior que vai dun extremo ao outro.

Os chamados *pondera* ou pesos de tear, empregábanse para manter tensos os fíos do urdido no tear vertical de pesas (Alfaro Giner, 1997: 42). O achádego deste tipo de pezas nun xacemento arqueolóxico poden outorgar información sobre o reparto do traballo nese entorno social, sobre a produtividade téxtil dun determinado territorio, ou sobre si o tear se atopaba en uso no momento no que se abandona ou destrúe o hábitat (Alfaro Giner, 1997: 48).

As actividades de mantemento serían aquelas labores que, colectivamente, facilitan a supervivencia das sociedades e desenvólvense dentro do marco da vida cotiá, entre elas englóbanse a alimentación de procesado de alimentos, coidados e saúde pública, organización do espazo doméstico, socialización de individuos infantís e, como no caso da peza seleccionada, a manufactura téxtil.

#### **Ficha documental:**

D-184.6928/6194, PIÑEIRO, A. e DEL RÍO CANEDO, V., CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

#### **Bibliografía de referencia:**

ALFARO GINER, C. 1997: *El tejido en época romana*, Madrid: Arco Libros, S.L.

## AGRICULTURA E GANDEIRIA



**Nº Inv.** D-1108.619/565

**Título:** Xugo

**Contexto:** Idade Media

**Material arqueolóxico:** praza das Praterías, nº 2 (Santiago de Compostela)

**Localización:** segundo andar. Unidade temática: A cidade de Santiago de Compostela. Urbanismo e desenvolvemento económico.

Fragmento de xugo pertencente a un dos laterais e que conserva aproximadamente a metade da peza orixinal. Presenta varios saíntes ou "mesas", para axustar na cabeza da vaca ou boi mediante o atado con sogas, así como a "camella" dun dos laterais para asentar enriba da "molida" e amortiguar a presión sobre o animal. Conserva claras evidencias de uso así

como cortes efectuados posiblemente cunha machada. Correspóndese co tipo denominado "cornal" ou "de molida" mediante o que os animais xunguidos pola cornamenta efectuarían a tracción coa cabeza, en contraposición cos xugos de canga ou de chancís.

Este xugo foi localizado no transcurso dos labores arqueolóxicos desenvolvidos no solar do antigo edificio do Banco de España (praza das Praterías) e encontrábase no interior do foxo mandado construír por Sisnando II (951-968), onde acabaría desbotado posiblemente como lixo en momentos próximos á amortización da estrutura defensiva. Pendentes aínda dun estudo en detalle, posiblemente esteamos ante unha peza de gran pervivenza e utilización prolongada. A peza ten unha gran significación no que respecta ao transporte e tamén ao desenvolvemento de labores agrícolas na Idade Media.

O xugo exposto remite ao traballo gandeiro e agrícola que se desenvolvía nestas terras en época medieval. O coidado do gando da casa recaía na maioría das ocasións na muller (Rey Castelao y Rial García, 2009, 97). En época moderna os produtos gandeiros e o propio gando era comercializado por mulleres sendo elas as encargadas de levarlos ás feiras como se constata na documentación (ídem, 93).

### Ficha documental:

D-1108.619/565, PÉREZ OUTEIRIÑO, B., CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

## OLARÍA



**Nº Inv.** D-235.220/220/A-S

**Título:** cazolas

**Contexto:** Idade Moderna - contemporánea

**Material arqueolóxico:** rúa da Senra (Santiago de Compostela)

**Localización:** non exposto. Almacéns do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

As cazolas de barro, forman parte da vaixela común de cociña nas casas campesiñas ou urbanas, substituíndo en moitos casos os utensilios metálicos, mais custosos, e destinados as clases mais podentes. En moitos casos á vaixela de barro, era complementada ca de madeira ata épocas recentes (García Alén, L., 1983: 20).

Se ben aínda non temos datos para estudar o traballo das oleiras en época medieval en Galicia, si os temos para época máis contemporánea grazas aos estudos de Luciano García Alén dando voz o traballo das oleiras galegas no eido tradicional: desde a súa produción, levar os cacharros ao forno ou a súa venda.

### **Ficha documental:**

D-235.220/220/A-S, MARTINÓN TORRES, M.; LADRA FERNÁNDEZ, X. L.; DEL RÍO CANEDO, V., CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

### **Bibliografía de referencia:**

GARCÍA ALÉN, L. 1983: *La alfarería de Galicia*, A Coruña.

**BIBLIOGRAFÍA CITADA:**

ALARCÓN GARCÍA, E. 2010: «Arqueología de las actividades de mantenimiento: un nuevo concepto en los estudios de las mujeres en el pasado» en *Arqueología y territorio*, (7), 195-210.

ALFARO GINER, C. 1997: *El tejido en época romana*, Madrid: Arco Libros, S.L.

GARCÍA ALÉN, L. 1983: *La alfarería de Galicia*, A Coruña.

REY CASTELAO, O. y RIAL GARCÍA, S. 2009: *Historia de las mujeres en Galicia. Siglos XVI al XIX*, Nigratea.